

ANEXO I

Regulamento da plantación e corta de especies vexetais no municipio de Ortigueira.

Exposición de motivos.

O Concello de Ortigueira é consciente da necesidade de regular varios aspectos da explotación forestal para facela compatible con outras actividades de maneira que non impida ou merme o potencial dos demais recursos do medio rural e ó mesmo tempo protexa tanto os bens públicos como os dos particulares, impedindo o deterioro das vías, a contaminación das augas, degradación de solos e paisaxe, etc.

Non só as grandes explotacións forestais poden producir disonancias, senón que tamén poden producilas a realización de valados ou sebes, que dan lugar a múltiples reclamacións especialmente polas distancias ós lindeiros ou as vías públicas, e polo tipo de especie usada, e o mesmo ocorre coas plantacións de especies ornamentais ou de uso agrícola non axeitadas.

Por outra banda o Concello tamén debe velar pola prevención e redución de incendios forestais e dos danos que poidan producir sobre as persoas e os seus bens.

O artigo 25 da Lei 7/85, básica do réxime local confire nos seus parágrafos f) e h) as competencias locais nos eidos da protección ambiental e da saúde pública. O artigo 25 d) desta lei confire competencias na conservación de camiños e pistas rurais. Por outra banda, o artigo 591 do Código civil recoñece a posibilidade de que as ordenanzas locais poidan establecer outros límites ás masas arbóreas distintos dos sinalados no mesmo artigo, polo que o Concello de Ortigueira establece a presente ordenanza de plantacións e cortas de especies vexetais.

TÍTULO I.-XENERALIDADES

Capítulo único.-Obxecto e definicións

Artigo 1.

De conformidade ca lexislación antes mencionada e normativa de pertinente aplicación, o Concello de Ortigueira establece a presente ordenanza non fiscal reguladora das plantacións e cortas de especies vexetais e das distancias que deben manter respecto das edificacións, cursos de auga, fontes e mananciais e doutras plantacións, cultivos ou explotacións, sendo o seu ámbito de aplicación todo o termo municipal.

Artigo 2.-Clasificación das especies.

Para os efectos desta ordenanza, e en función da altura que poden acadar, á invasividade e á extensión que poden te-las raíces, realizarase a seguinte clasificación, non exhaustiva, das especies vexetais.

2.1.-Especies arbóreas:

Clase 1.-Especies invasivas e de alto risco.

Clase 1.1.-Eucalipto (xénero *Eucalyptus*) en calquera das súas variedades.

Clase 1.2.-Fronosas: chopos, álamos (*populus*), olmo (*ulmus*), as acacias (rubina seudo acacia e mimosa: *acacia dealbata*), *populus alba* (chopo), ...

Clase 2.-Coníferas.

Clase 2.1.-Piñeiro, abeto, ...

Clase 2.2.-Tuia, ciprés, teixo, ...

Clase 3.-Fronosas de crecemento lento.

Clase 3.1.-Faia, bidueiros, carballo, e similares.

Clase 3.2.-Castiñeiro, nogueira, cerdeira.

Clase 4.-Froiteiras: maciñeira, pereira, pexegueiro, etc.

2.2.-Especies arbustivas:

Clase 5.-Arbustivas.

Clase 5.1.-Loureiro romano.

Clase 5.2.-Abeleira, *ruscus*, etc.

2.3.-Outras especies vexetais:

Clase 6.-Comprende todas aquelas especies existentes no municipio xa sexan autóctonas ou alóctonas, de cultivo, de pastizais ou propias dos distintos ecosistemas naturais do municipio.

Artigo 3.-Elementos a protexer.

1.-Os distintos tipos de elementos a protexer son:

a) Núcleos de poboación e edificios residenciais:

b) Fontes, mananciais e regatos:

- c) Os ríos do municipio.
- d) Costa.
- e) Cultivos e terreos adicados a usos agrícolas e gandeiros
- f) Vías.
- g) Instalacións de servizos públicos: auga, saneamento e electricidade tanto en terreos públicos coma privados.
- h) Patrimonio arqueolóxico.
- i) Patrimonio natural: o comprendido polas zonas de protección ambiental.
- j) Patrimonio histórico, cultural, artístico.
- k) Áreas recreativas, miradores, tabernas de merendas, areas, praias, etc.
- l) Itinerarios de especial interese paisaxístico, medioambiental.

2.-Para a determinación dos elementos a protexer así coma para a calificación dos usos do solo estarase o disposto no Plan xeral de ordenación urbanística deste Concello e, no seu caso, na normativa sectorial.

Artigo 4.-Medicións das distancias.

1.-As especies vexetais deberán de mante-las distancias de separación cos elementos a protexer indicados no artigo anterior.

2.-Para a medición das distancias tomarase como punto de partida o punto central de cada tronco, fuste ou talo da especie vexetal e chegarase ata a parte máis próxima do elemento a protexer.

3.-Como parte máis próxima enténdese:

De ríos, regatos, pozos e mananciais: o bordo exterior da cal do río, manancial ou do pozo.

Da costa: a liña de DPMT.

De camiños de pés e sendeiros: 0,5 m do eixe do camiño.

De camiños de carro: 1,00 m do eixe do camiño.

De estradas e pistas: o bordo da pista ou cuneta se conta con ela. En ningún caso poderá ser inferior a 4,00 m do eixe.

De elementos arqueolóxicos ou arquitectónicos: a área de protección integral se existe e se non o polígono formado por unha liña recta que una as partes máis externas do elemento.

Das vivendas: o polígono formado por unha liña recta que una as partes máis externas do edificio que serve de residencia e os corpos solidarios.

Dos núcleos de poboación: a delimitación do núcleo establecida polo Plan xeral de ordenación municipal.

Dos ámbitos de protección ambiental: a delimitación establecida por outras administracións públicas, ou polo Plan xeral de ordenación municipal.

4.-A medición das distancias das especies vexetais ós distintos elementos protexidos efectuarase da forma seguinte:

1.º) Distancias a núcleos e edificios residenciais, cultivos, patrimonio arquitectónico, relixioso, cultural e natural e áreas recreativas:

a) En pendentes medias de ata o 100 por cento (45º) a medición realizarase pola pendente natural do terreo.

b) En pendentes medias superiores incrementaranse as distancias nun 50 por cento.

c) Os cortes verticais do terreo con pendentes superiores a 65º , consideraranse como un continuo sumando as distancias inferiores(ata o pé), a proxección horizontal do talude e a distancia superior, ata acadar a distancia mínima establecida. A distancia desde a plantación ó bordo superior sempre será superior a 10 m, agás que algunha circunstancia xeolóxica desfavorable aconselle unha distancia maior.

2.º) Distancias ós outros elementos:

Neste caso a distancia medirase en proxección horizontal, desde a parte máis próxima do elemento a protexer.

Artigo 5.-Xestión e inspección.

1.-O Concello, a través da Alcaldía ou Concellería en quen delegue, xestionará e supervisará o cumprimento das actividades reguladas na presente ordenanza mediante os servizos técnicos municipais.

2.-A vixilancia material e inspección do cumprimento, agás nomeamento expreso, estará a cargo da policía local.

TÍTULO II.-SOBRE AS PLANTACIÓNS

Capítulo I.-Condicións das plantacións

Artigo 6.-Distancias e plantacións.

1.-Establécense no Municipio de Ortigueira a seguintes distancias mínimas de plantación de árbores, para uso forestal ou agrícola:

Distancias	Eucaliptos	Coníferas	Fronosas	Frutais
Ós núcleos de poboación	75 m	40 m	20 m	6 m
A vivendas	50 m	20 m	10 m	6 m
Cultivos e terreos adicados a usos agrícolas e gandeiros	20 m	16 m	12 m	3 m
Ó eixo de camiños, pistas e estradas locais	5 m	5 m	5 m	5 m
A camiños privados e serventías	2 m	2 m	2 m	2 m
A fontes e mananciais públicos, tomas de auga para uso público ou privado	25 m	10 m	10 m	5 m
A cultivos forestais	0 m	0 m	3 m	3 m
A cultivos de árbores frondosas	10 m	6 m	0 m	3 m
A cultivos de árbores froiteiras	20 m	10 m	6 m	3 m.
A liñas áreas de servicios públicos*	6 m	6 m	6 m	6 m
A canalizacións subterráneas de servicios públicos*	3 m	3 m	3 m	3 m
A Itinerarios	16 m	0 m	0 m	0 m
A Áreas Recreativas	25 m	0 m	0 m	0 m
A Cementerios	5 m	5 m	5 m	5 m
*En todo caso haberá unha distancia de 1 m libre desde a proxección vertical da liña ata a póla ou parte máis saínte da especie vexetal.				

2.-Para os efectos desta ordenanza non se considera rota a colindancia entre as plantacións e os elementos a protexer cando existan entre elas vías públicas ou espazos públicos abertos, debendo respectarse as distancias sinaladas.

3.-As distancias mínimas non serán aplicables ás edificacións que se empracen no medio rural, en zonas nas que xa existisen explotacións de carácter forestal na data en que se solicitou licencia urbanística.

4.-Os apartados anteriores afectarán tamén ós pés que nazan espontaneamente e ós xermolos que resulten da corta das plantacións existentes a partir da entrada en vigor do presente regulamento.

5.-Prohíbese a plantación de especies forestais nos núcleos urbanos consolidados e nos núcleos rurais, sen prexuízo do respecto ás plantacións actualmente existentes. Sen embargo unha vez talladas éstas non se permitirá ningunha planta ou repoboación futura, mesmo cos propios rebentos.

6.-Quedan excluídas do cumprimento no disposto neste artigo aquelas plantacións que pola súa singularidade (árbores monumentais, especies singulares, xardis, etc.), sexan obxecto doutro tratamento.

Artigo 7.-Uso de sebe ou valado.

1.-As distancias de plantación das sebes ós lindeiros, agás que, de común acordo entre os propietarios, sexan medianeiras, serán:

Clase de especie	Distancia a lindeiros	Condições
Clase 2.1 Piñeiro, abeto, etc.	3 m	Dentro destas distancias inclúese un paso de 0,50 m libre de pólas que se deberá deixar entre a linde e a sebe, que servirá para o mantemento desta.
Clase 2.2. Tuia, ciprés, teixo, etc.	1,20 m	
Clases 3 e 4	3 m	
Clase 5.2 Abeleira, ruscus	1,20 m	
Clase 5.1 Loureiro romano	1,00 m	

2.-As sebes terán o carácter de peche de leira e por tanto cumprirán os retranqueos das vías públicas esixidos ós muros de fábrica pola normativa urbanística, incrementados polas distancias da táboa anterior diminuídas en 0,50 m (ó non esixirse o paso libre por existir vía pública), cunha distancia mínima de 0,50 m ó aliñamento, e coas restantes condicións establecidas neste artigo.

3.-As sebes arbustivas que non acaden unha altura superior a 0,90 m poderán plantarse a 0,50 m das lindes. Iso conleva a obriga de realiza-las podas e cortas necesarias para que non superen a dita altura.

4.-Para as distancias da táboa do pto. 1 as sebes non poderán ter unha altura superior a 2 m en solo urbano ou de núcleo rural e de 4 m en solo rústico ou similar.

5.-Para alturas superiores, e sempre coas distancias mínimas da táboa do pto. 1, a distancia de separación será proporcional á altura, ata unha altura de 8 m. A partir dos 8 m incrementarase a distancia unha vez e media a altura, ata as distancias establecidas para uso agrícola e forestal.

Artigo 8.

1.-Nas zonas de especial protección queda prohibida calquera plantación que supoña a substitución de especies de crecemento lento, resinosas ou coníferas por especies de xénero eucalipto ou especies invasivas de alto risco, sen a previa autorización expresa e escrita do Concello, que non se concederá sen previo estudio detallado da solicitude.

Artigo 9.-Execución de plantacións.

1.-As plantacións realizaranse do xeito que menos degrade ou prexudique o terreo e o seu contorno.

Artigo 10.-Acordos cos colindantes.

1 Exceptúanse do cumprimento das distancias establecidas nesta ordenanza as plantacións que afecten unicamente a particulares (sempre que non se trate de elementos ou predios con algún tipo de protección), cando, xunto coa solicitude de plantación, realizada ante o Concello, se presente unha declaración de conformidade, asinada polos propietarios dos terreos próximos afectados polas distancias establecidas nesta ordenanza.

2. A dita declaración de conformidade deixará de ter vixencia na seguinte plantación, ou por remate do período pactado , agás que se volva a asinar unha nova declaración.

Artigo 11.-Reclamacións cumprindo as distancias.

O feito de cumpri-las condicións desta ordenanza non exime ó propietario da plantación da súa responsabilidade polos danos que esta plantación puidera producir a terceiros.

Artigo 12.-Ampliación das distancias e condicións das plantacións.

1.-O Concello poderá, xustificadamente, e para determinados elementos, amplia-las distancias e condicións de protección.

2.-Esta ampliación requirirá o trámite seguinte:

- Proposta xustificando a necesidade, condicións e distancias de protección do elemento.
- Aprobación inicial polo Concello en pleno.
- Exposición pública por un mes, publicación no B.O.P.
- Resolución de alegacións.
- Aprobación definitiva, con publicación no BOP.

Artigo 13.-Mantemento das plantacións.

1.-Os propietarios están obrigados a manter en todo momento as franxas de terreo resultantes da salvagarda das distancias mínimas indicadas limpas de maleza, restos e xermolos de árbores. No caso de incumprimento desta obriga o Concello de Ortigueira executará subsidiariamente, previo requerimento ó interesado, e a custa deste.

Para tales efectos e sen prexuízo da liquidación definitiva do custo dos traballos, as tarifas establécense en 10 euros/m². Devandito precio sufrirá a variación do IPC a partir do ano 2004.

O Concello poderá acudir á vía executiva para resarcirse dos gastos da limpeza das davanditas franxas, todo iso de conformidade co establecido na Lei 30/1992, de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2.-O voo das plantacións forestais non poderá invadi-lo espazo das vías, determinado pola proxección vertical dos seus bordos máis externos e, no caso de facelo, podaranse as árbores de xeito que deixen unha altura de gálbo de 5 metros como mínimo. E nunca, agás acordo entre propietarios, poderá voar sobre os terreos colindantes.

3.-As plantacións, e tódolos terreos en xeral, deberán manterse en todo momento limpos, en condicións e características adecuadas para a prevención e mellor defensa contra os incendios forestais. O Concello poderá executar, subsidiariamente e de conformidade cos apartados anteriores, os traballos necesarios para o mantemento dos terreos nas devanditas condicións.

Artigo 14.-Accesos.

1.-As aperturas de pistas forestais ou agrícolas para acceder ós terreos a plantar está suxeita á previa autorización dos organismos competentes (Augas, Medio Natural, Agricultura, Costas, etc.), así como á autorización do Concello de Ortigueira.

2.-Realizaranse as drenaxes ou gabias necesarias para que a auga de chuvía se distribúa e sexa sumida polo propio terreo.

3.-Cando as pistas se fagan en terreos con forte pendente, minimizaranse os efectos de escorrentías, lixiviados e erosión mediante tramos de pista en sentido das curvas de nivel ou mediante gabias transversais de distribución polo terreo ou outros sistemas.

4.-Non se admitirán gabias no sentido lonxitudinal da pista ou camiño privado que, cunha lonxitude superior a 16 m, vaian desembocar en vías públicas.

5.-Se a pista ten que cruzar madres de augas, ou pequenos regatos, instalaranse taxeas para evita-lo corte do cano e para que, en caso de que leve auga, non arrastre os materiais movidos da pista. Estes tubos retiraranse unha vez terminada a función da pista.

6.-Os pasos de gabias para acceder ós terreos realizaranse, previa licencia, mediante tubería de diámetro mínimo 400 mm. Cada 6 m realizarase un rexistro de limpeza.

7.-En solo de protección medioambiental non se poderán abrir accesos que supoñan movementos de terra, agás que sexan necesarios para a protección ou posta en valor do ámbito.

Capítulo II.-Cortas

Artigo 15.-Definición.

1.-Para os efectos da presente ordenanza enténdese por corta a operación de extracción dos produtos forestais ou agrícolas que supoñan a separación completa ou dalgunha das partes da especie vexetal. O termo entenderase no sentido máis amplo, podendo ser corta, talla, aserrado, acizallado, poda, recepado, sega da especie por medios mecánicos ou manuais.

2.-Non se entenderá dentro da definición a colleita do froito das árbores froiteiras nin a de cultivos hortícolas.,

Artigo 16.-Sometemento a licencia.

1.-Sen prexuízo dos permisos e autorizacións que sexan outorgados polos órganos competentes na materia, deberase obte-la correspondente autorización ou licencia municipal, nos termos que se indican na presente ordenanza, para realizar calquera corta en plantacións, novas ou existentes, que se realicen no termo municipal de Ortigueira

2.-Exceptúanse do cumprimento do punto anterior:

a) Os cultivos agrícolas e as segas de praderías.

b) As podas de especies non protexidas nin singulares.

c) As sebes que non teñan carácter singular.

d) As rozas sempre que non estean na zona de policía de augas e en solo de protección medioambiental definido pola normativa urbanística.

3.-A licenza municipal deberán solicitala as persoas físicas ou xurídicas responsables dos traballos.

Artigo 17.-Tipos de cortas.

Defínense a continuación os distintos tipos de cortas ós que se refire a presente ordenanza:

a) Talla por entresacas pé a pé. Este tipo de corta supón a extracción de árbores individuais que son seleccionados por toda a masa forestal.

b) Tallas por bosquetes ou bosquiños. É un sistema de entresaca no que en vez de cortar árbores individuais córtanse por pequenos grupos.

c) Talla por entresacas con furoneo. É unha corta por entresaca que consiste en cortar unicamente os mellores exemplares maderables.

d) Tallas por aclareos. Consiste en tallar tódolos exemplares maderables en pequenas e sucesivas zonas do bosque, de forma que con varias cortas ó longo do tempo se talle toda a masa forestal.

e) Tallas a feito, matarrasa ou talarrasa. É a corta ó ras do chan onde tódalas árbores grandes ou pequenas son cortadas e extraídas.

f) Podas. Consiste en cortar determinadas partes das especies vexetais, xa sexa para o seu uso comercial como para axudar á rexeneracións doutras partes da planta ou para o saneamento desta.

g) Segas. Consiste na corta total das plantas herbáceas ou do soto bosque.

h) Rozas. Corta de especies arbustivas ou herbáceas coa finalidade de limpar ou prepara-lo terreo para a plantación ou para outros usos.

Artigo 18.-Operacións previas ás cortas. Pistas de corta e saca.

1.-Para a apertura de pistas de corta ou/e saca solicitarase licenza municipal expresa e seguiranse as condicións establecidas para os accesos ás plantacións.

2.-Ó remata-las cortas faranse obrigatoriamente gabias transversais para derivar e distribuí-las augas polo terreo e evita-las escorrentías directas polas pistas.

3.-Prohíbese calquera tipo de pavimento, agás de pedra ou todoún de canteira, nas zonas enlamadas ou de forte pendente.

4.-En solo de protección medioambiental non se poderán realizar pistas agás que supoña a mellora da zona protexida.

5.-Nas fragas prohíbese a apertura de pistas ou calquera actuación que supoña a alteración destas.

Artigo 19.-Forma de realiza-las cortas.

1.-Prohíbense en todo o municipio de Ortigueira as tallas a feito, matarrasa ou talarrasa, agás nos eucaliptais e piñeirais

2.-Prohíbese arrola-la madeira cortada polas pendentes do terreo cara ás pistas e camiños.

En caso de que arrole involuntariamente o maderista será responsable dos danos a vías públicas ou a terceiros, sen prexuízo da correspondente apertura de expediente sancionador.

3.-En todo caso as cortas faranse de xeito que non prexudique ou degrade o medio natural.

Artigo 20.-Elementos protexidos.

1.-Agás os exemplares ou conxuntos singulares, deberanse corta-las árbores que incumpran as distancias establecidas dos elementos protexidos.

2.-O anterior non atingue ós acordos entre propietarios dos elementos, sempre que non estean afectados por protección arquitectónica, arqueolóxica, cultural, relixiosa ou medioambiental.

Artigo 21.-Operacións posteriores ás cortas: roturación, reciclaxe e queima de restos.

1.-Roturación. Prohíbese nas explotacións forestais, unha vez realizada a corta, o aterraxamento ou calquera clase de movementos de terra agás os necesarios para repoñer ó seu estado orixinal as pistas de saca ou corta. Prohíbese igualmente o destocamento en pendentes maiores do 30 por cento, permitíndose a súa queima.

2.-Reciclaxe de restos. Co obxecto de devolver ás terras os nutrintes e evita-la degradación do humus, realizarase unha trituración dos restos das cortas que se distribuirán polo terreo.

3.-A reciclaxe dos restos levarase a cabo con preferencia á queima, prohibíndose esta última práctica en solo de protección medioambiental, agás razóns medioambientais e coa licenza municipal. A solicitude para a dita queima solicitarase presentando memoria da xustificación medioambiental. O Concello previo informe (segundo a entidade da

queima), favorable da Consellería de Medio Ambiente e logo dos informes técnicos e xurídicos municipais resolverá. Se fose favorable a licencia condicionarase á autorización do servizo de defensa contra incendios forestais, da que se incluíra copia no expediente.

4.-Queimas. Deberán ser autorizadas polo órgano competente da Consellería de Medio Ambiente e realizaranse de conformidade ás normas dictadas polo este, ou por calquera outro organismo que teña atribuídas competencias na materia

6.-Outros destinos dos restos. Admítese tamén o destino dos restos como materia prima de industrias de transformación, xardinería ou combustión para calefacción.

7.-Prohíbese o abandono, verquido ou simple amoreado tanto en terreos privados coma públicos que non estean destinados para iso.

Capítulo III.-Sacas

Artigo 22.-Realización de tarefas extractivas.

O presente capítulo regula as tarefas de extracción, as de depósito e as de carga e transporte polas vías públicas dos elementos das cortas en vehículos.

Artigo 23.-Licencia de actividade.

1.-Sen prexuízo da obtención dos permisos e autorizacións necesarias doutras administracións públicas, a realización das actividades descritas no artigo anterior, dentro do Concello de Ortigueira, someterase a licencia municipal.

2.-Exceptúanse do cumprimento do punto anterior:

- a) As extraccións de explotacións agrícolas en xeral.
- b) As extraccións de residuos de podas ou rozas.
- c) O transporte de cantidades inferiores a 5 Tm de produtos agrícolas ou fructículas.
- d) Os depósitos de madeira en terreos clasificados como forestais pola normativa urbanística e que sexan de titularidade privada.
- e) As cargas que non ocupen ou afecten a vías públicas.

Artigo 24.-Zonas de carga e depósito.

1.-Para o depósito dos materiais das cortas poderanse utilizar directamente as zonas de respecto ou retranqueo dos terreos clasificados

como forestais así como terreos privados no mesmo solo, co acordo do titular.

2.-O uso para depósito de madeira doutro tipo de solo requirirá licenza municipal.

3.-A madeira e os seus restos ou os depósitos de materiais procedentes da corta, non poderán invadi-los viais, tanto na zona de circulación de vehículos como de peóns, nin ocupar ou menoscaba-la funcionalidade das gabias, canellóns, canalizacións, pontes ou calquera outro tipo de canle ou paso de auga, así como de calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ós viais, nin supoñer risco para os usuarios da vía, aínda que se autorizarán, solicitándoo expresamente, as operacións imprescindibles para a súa carga e transporte; aínda así, as gabias deberán quedar sempre limpas e en bo estado de uso. Nos restantes espazos públicos solicitarase licenza expresa.

4.-Cando se ocupen terreos de dominio público liquidarase de acordo coas vixentes taxas de ocupación de dominio público.

Artigo 25.-Ocupación de vías.

1.-Como norma xeral queda totalmente prohibido o depósito en vías públicas.

2.-No caso de que, por razóns de forza maior ou outras xustificables, se deban utiliza-las vías públicas para o depósito dos elementos da corta, solicitarase licenza expresa, caso por caso, indicando, ademais da situación, a superficie a ocupar e o tempo, as medidas de seguridade vial que se empregarán. Cada autorización nunca permitirá ter un tempo de ocupación da vía superior a 3 días. Estas operacións realizaranse como mínimo a 50 m de calquera curva, ponte, estreitamento ou cruce de vías e doutro depósito temporal. O depósito temporal, agás circunstancias especiais, non poderá ter máis de 20 m de lonxitude nin ocupar máis da metade do ancho da vía. En ningún caso se poderá corta-lo tráfico rodado da vía sen dar unha alternativa viable, que se deberá autorizar expresamente.

3.-Cando se fagan operacións que ocupen vías públicas ou estruturas anexas, sinalizaranse debidamente os viais, conforme á lexislación vial vixente, e vixiaranse co fin de previr ós/ás usuarios/as destes da realización da actividade e dos restos derivados desta.

A sinalización mínima compoñerase de:

Cartel de perigo por obras a 100 m.

Limitación de velocidade a 30 km/h. a 50 m.

Conos reflectantes de 70 cm ou valados direccionais, sinalizando o desvío nos últimos 50 m.

4.-Ademais deberá adoptarse calquera outra medida de seguridade que indique a policía local o os servicios técnicos municipais.

Capítulo IV: Sinalización, deterioros, danos a terceiros e limpeza

Artigo 26.-Reparación de deterioros, desgaste anormal das vías e danos a terceiros.

1.-Sen prexuízo do establecido na lexislación urbanística, na do medio natural forestal, na lexislación de seguridade vial e demais lexislacións, normas e/ou ordenanzas que puidesen ser de aplicación, o/a posuidor/a dunha licenza para corta, depósito, carga e transporte de madeira, ou maderista, estará obrigado a reparar de forma inmediata os deterioros producidos nos viais, ou nas estruturas anexas, así como a retirar-los restos procedentes das operacións de corta, carga e almacenamento.

2.-Como norma xeral as reparacións ou limpeza deberanse realizar nun prazo de 48 horas, a partir da retirada da madeira, ou en tres días cando coincida en fin de semana agás que a Policía Local requira ó responsable para facelo nun tempo menor por razóns xustificadas.

3.-Co obxecto de garanti-la reparación dos posibles danos non reparados voluntariamente no prazo indicado, o maderista deberá depositar unha fianza coa contía que se establece no artigo 34 da presente Ordenanza.

Artigo 27.- Sinalización, limpeza e residuos.

1.-Prohíbese que os refugallos das actividades regulamentadas na presente ordenanza, que non sexan estrictamente vexetais, se deixen ou depositen no monte, vías ou en lugares non autorizados expresamente para iso.

2.-Os residuos asimilables ós urbanos seleccionaranse e entregaranse, da forma adecuada, ó servicio municipal de recollida nos contedores que corresponda segundo a súa clase.

O Concello, se é o caso, cobrará a taxa de recollida de refugallos ás empresas maderistas, de acordo coa súa actividade. Considerarase o valor medio da taxa de recollida de refugallos de actividades.

3.-Os restantes residuos, non forestais, residuos industriais, especialmente aceites usados, entregaranse a un recolledor autorizado.

4.- Mentres duren os traballos de extracción, manteranse as vías públicas nun estado aceptable para a circulación. Ó fin de cada xornada farase unha limpeza da vía, de ser necesario.

5.- As zonas de actividade extractiva estarán sinalizadas, en ámbolos dous sentidos, segundo se establece na lexislación vixente.

Artigo 28.- Execución subsidiaria.

1.-O Concello, cando tivese coñecemento de que os responsables non deron cumprimento ó disposto no artigo 27 do presente regulamento, executarao subsidiariamente , sen máis aviso, con cargo á fianza depositada, sen prexuízo da sanción que proceda e exercerá as accións oportunas para resarcirse das custas se estas non foran totalmente cubertas pola devandita fianza ou esta non se depositase.

2.- No caso de que houberse dous ou máis responsables a custa dos traballos será repercutida proporcionalmente ás Tm de madeira efectivamente sacadas por cada un.

TÍTULO III: RÉXIME DE AUTORIZACIÓNS E LICENCIAS

Capítulo I: cortas

Artigo 29.-Autorización de cortas.

1.-Sen prexuízo das autorizacións esixidas polas normativas sectoriais aplicables, non se poderá realizar dentro do termo municipal de Ortigueira ningún tipo de corta ou saca, sen obter previamente a correspondente licenza ou autorización do Concello, cando así sexa esixida por esta ordenanza, que se solicitará no modelo oficial dispoñible nas oficinas xerais deste, con quince días de antelación.

2.-Será responsabilidade do titular da plantación, do transportista ou do madeiro a corta a saca e a obtención das licencias ou autorizacións que correspondan.

Artigo 30.-Datos a incluír nas solicitudes.

1.-O impreso da solicitude deberá de ser cuberto en tódolos seus apartados. Nel deberá figurar que están pagadas as taxas correspondentes, se fose o caso, e deberá estar rexistrado debidamente nas oficinas do Concello.

2.-Polo menos nas solicitudes deberase incluír:

- Datos do solicitante (nome e apelidos ou razón social, copia do NIF/CIF e teléfono).

- Sinatura do solicitante.

- Especie a cortar e sacar.

- Localización do predio afectado (nome do terreo, parroquia, lugar, e calquera denominación que permita a identificación inequívoca do enclave).

- Taxas de tramitación da autorización ou licenza, se é o caso.

- Tm que van extraer.
- Camiños e/ou vías que se van utilizar nos traballos.
- Maquinaria e vehículos que se van utilizar no transporte e saca.
- Duración aproximada da corta e saca.
- Número de rexistro da empresa madeireira.
- Lugar de depósito da madeira.

Artigo 31.-Documentos que deberán acompañar á solicitude.

1.-Deberase achegar fotocopia compulsada do permiso da corta, expedido pola autoridade competente, cando sexa necesaria.

2.-Achegaranse igualmente, de se-lo caso,as licencias municipais, ou a copia das solicitudes, para a apertura de pistas de acceso, realización de gabias, etc.

3.-Así mesmo, e no caso de que non estean actualizadas no expediente da actividade extractiva, achegarase copia da fianza establecida nesta ordenanza.

Artigo 32.-Contido da licencia.

1.-A licencia deberá de contar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes ou que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes extremos:

- a. Número de expediente e de licencia, data e órgano que a outorga.
- b. Finalidade e/ou uso da actuación e variedade ou especie afectada.
- c. Volume (m³) de madeira extraída
- d. Situación das actuacións.
- e. Nome ou razón social do promotor ou solicitante.

2.-Será requisito indispensable dispor, no lugar onde se leva a cabo a actuación solicitada, de copia autorizada da licencia municipal.

Capítulo II: actividades extractivas

Artigo 33.-Licencia de actividade.

1.-A realización das actividades extractivas, descritas nesta ordenanza, dentro do territorio municipal de Ortigueira, sométese a licencia.

2.- Rexistro de empresas.

a) Para a obtención da licenzia municipal regulada no presente artigo será requisito necesario que a empresa interesada esté dada de alta nun rexistro de empresas que se levará no Concello, e que conterá tódolos datos da solicitude.

b) O Rexistro da empresa solicitarase no Concello, en impreso normalizado, que deberá rexistrarse debidamente nas oficinas do Concello.

Este impreso deberá conter:

- Datos persoais do solicitante: Nome, enderezo, núm. DNI, etc.
- Razón social da empresa: Nome, enderezo, C.I.F. e teléfono.

c) Xunto coa solicitude deberase aportar a seguinte documentación:

- Copia compulsada da alta no Imposto de Actividades Económicas para exercer a actividade dentro do termo municipal.
- Copia da fianza establecida nesta ordenanza.
- Xustificante de pago das taxas correspondentes, no seu caso.

3.- Licenzia de actividade extractiva

a) As empresas rexistradas deberán de obter licenzia para cada unha das sacas de madeira que pretendan realizar.

b) A solicitude da licenzia deberá conter:

- Datos do solicitante e empresa (nome e apelidos ou razón social, núm. do NIF/CIF e teléfono).
- Localización do predio afectado (nome do terreo, parroquia, lugar, e calquera denominación ou dato que permita a identificación inequívoca do enclave).
- Taxas de tramitación da autorización ou licenzia, se é o caso.
- Camiños e/ou vías que se van utilizar nos traballos.
- Maquinaria e vehículos que se van utilizar no transporte e saca.
- Duración aproximada da corta e saca.
- Número de rexistro da empresa madeireira.

Acompañarase á solicitude o permiso de corta da Xunta de Galicia selado pola Consellería competente.

4.- Deber de comunicación das datas de comezo e remate das actividades extractivas e indicación do estado inicial e final da vía pública.

Unha vez obtida a preceptiva licencia, o interesado deberá comunicar á Policía Local o día de comezo das actividades extractivas con indicación do estado no que se atopan as pistas municipais afectadas. A mesma comunicación deberá realizarse cando se rematen as actividades co obxecto de que pola Policía Local se realicen as inspeccións que se consideren necesarias.

Artigo 34.-Fianzas.

1. Independentemente das taxas correspondentes, os beneficiarios da licencia presentarán, antes da concesión desta, os xustificantes de ter depositada a fianza, por calquera dos procedementos establecidos pola lexislación vixente, polos importes indicados no apartado seguinte, para responder do arranxo dos danos que pudieran producir nos viais, e da limpeza dos restos das operacións de depósito e carga de madeira.

2.-Esta fianza fíxase na cantidade de mil douscentos euros.

Esta fianza será anual revisándose trimestralmente tendo a obriga o titular de completala no caso de que se executasen traballos de reparación ou limpeza con cargo a esta.

TÍTULO IV.-RÉXIME SANCIONADOR

Capítulo I. Vixilancia e inspección

Artigo 35.-Obxecto.

1.-A vixilancia e inspección teñen como obxecto que as actividades reguladas na presente ordenanza se leven a cabo de acordo cos seus preceptos.

2.-As inspeccións poderán ser rutinarias, previas ó outorgamento dunha autorización ou licencia. Tamén poderán realizarse se hai unha denuncia ou se se acordan de oficio.

Artigo 36.-Persoal de vixilancia e inspección.

1.-Sen prexuízo de que a Alcaldía poida nomear para un caso particular ou en xeral a persoal específico, a vixilancia material e inspección do cumprimento desta ordenanza estará a cargo da policía local, a cal se dotará dos medios materiais necesarios.

2.-En todo caso o persoal que exerza as funcións inspectoras gozará, no exercicio das súas funcións, da consideración de axente da autoridade, estando facultado para accederen, logo de seren identificados, ós terreos afectadas pola presente ordenanza.

3.-As actas de inspección que se levanten gozarán de presunción de veracidade respecto dos feitos que nela se declaren probados.

Capítulo II. Infraccións e sancións

Artigo 37.- Infraccións

1.-Constituirán infraccións leves para os efectos da presente ordenanza as seguintes:

1. Danos nas infraestructuras e equipamentos viarios por indolencia ou deixadez.
2. Deixadez na limpeza da vía pública, que non constitúa perigo para a circulación.
3. En xeral, o incumprimento dos requisitos, obrigas e prohibicións establecidos nesta ordenanza, que non estean recollidos coma graves ou moi graves.

2.- Son infraccións graves:

1. Apertura de pistas forestais sen licencia., ou sen axustarse a esta
2. Arrolar libremente a madeira polas pendentes dos terreos cara ás vías públicas.
3. Exerce-las actividades extractivas contempladas na presente ordenanza sen estar en posesión da correspondente licencia.
4. Facer gabias de desaloxo de augas nos terreos que vaian directamente ós ríos.
5. Non permiti-lo acceso ó persoal de vixilancia e inspección ós terreos.
6. Realización de plantacións sen garda-las distancias establecidas na presente ordenanza
7. Realización de plantacións nos lugares expresamente prohibidos na presente ordenanza.
8. Realización de aterraxamentos e movementos de terra incumprindo as condicións da ordenanza.
9. Realizar tallas ou cortas de feito que resulten degradantes ou prexudiciais para o terreo ou o seu contorno.
10. Uso de vehículos para as actividades reguladas nesta ordenanza que estean inmovilizados por anulación de licencia ou non figuren rexistrados para aquelas actividades.
11. Calquera actividade que constitúa un perigo para o tráfico.

12. A reincidencia en dúas infraccións leves no período de seis meses.

3.- Son infraccións moi graves:

1. Contaminación de augas con produtos químicos.
2. Cando nas faltas graves concorran ademais algunha das seguintes circunstancias:
 - Malicia ou intencionalidade
 - Irreversibilidade do dano causado.
 - Perigo para a seguridade viaria con resultado de accidente
 - Grave repercusión nos recursos naturais. ou deterioro destes.
 - A reincidencia en dúas infraccións graves no período dun ano.

Artigo 38.- Sancións

1.-A contía das multas establécese conforme á Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local.

2.-As infraccións leves serán sancionadas con multas de 60 a 750 euros, e 6 euros adicionais por calquera árbore incorrectamente plantada, sen que a contía da sanción poida supera-los 750 euros.

3.-As infraccións graves serán sancionadas con multas de 750,01 a 1.500 euros, e 12 euros adicionais por calquera árbore incorrectamente plantada, sen que a contía da sanción poida supera-los 1.500 euros.

4.-As infraccións moi graves serán sancionadas con multas de 1.500,01 a 3.000 euros, e 24 euros adicionais por calquera árbore incorrectamente plantada, sen que a contía da sanción poida supera-los 3.000 euros.

5.-Para cortas: 18 euros por cada exemplar indebidamente cortado, sen prexuízo da obriga de resarcir dos danos ocasionados.

6.-No caso de que unha actuación supoña varias infraccións aplicarase a sanción maior.

Artigo 39.-Prescrición.

1.-As infraccións moi graves prescribirán ós seis anos, as graves ós catro anos e as leves ós dous anos, contados desde a comisión do feito, desde a finalización das actuacións ou desde a detección da infracción ou dano se estivesen ocultos ou o dano non fose inmediato.

2.-Nas infraccións derivadas dunha actividade continuada, a data inicial de cómputo será a de finalización da actividade ou a do último acto co que a infracción se leve a cabo.

3.-Constitúe infracción continuada a actividade consistente na repetición de actos análogos cando todos eles teñan unha unidade de obxectivo dentro dun mesmo ámbito territorial, definido rexistral ou fisicamente.

Capítulo III. Responsabilidades e suspensión de actividades

Artigo 40 .-Suxeito responsable.

1.-Para os efectos desta ordenanza, terán a consideración de responsables das infraccións previstas nela:

- a. As persoas que directamente realicen a acción infractora ou, se é o caso, as que ordenen a devandita actuación, cando o executor teña a obriga de cumpri-la dita orde.
- b. As persoas que de acordo cos estatutos ou coa escritura social, sexan titulares ou promotoras da actividade ou do proxecto do que se derive a infracción.
- c. Os desperfectos derivados do transporte de madeira ou da circulación de vehículos destinados ás actividades extractivas serán responsabilidade da empresa que figure como titular na licenza.

2.-Cando concorra en varias persoas a autoría da infracción ou cando o dano estea ocasionado por unha acumulación de infraccións e non fose posible determina-lo grao de participación efectiva de cada unha delas, a responsabilidade será solidaria.

3.-Nos casos en que a infracción sexa imputable a unha Administración Pública, esta someterase ás regras xerais e de carácter disciplinario aplicables á Administración e ós seus axentes e funcionarios.

Artigo 41.-Anulación da licenza da actividade.

1.-As multas poderán levar aparellado simultaneamente:

1. En caso de infracción grave a anulación da licenza de actividade e a non concesión dunha nova por un prazo non superior a un ano.

2. En caso de infraccións moi graves a anulación da licenza de actividade e a non concesión dunha nova por un prazo non superior a dous anos.

3. En todo caso cando se impuxesen medidas correctoras non se concederá nova licencia ou renovación ata que aquelas medidas se cumpran, independentemente dos prazos indicados nos puntos anteriores

2.-O incumprimento reiterado das normas ou a falta de pagamento das cantidades adebedadas en concepto dos preceptos establecidos na presente ordenanza, unha vez exista resolución firme, supoñerá a anulación da licencia e a non concesión dunha nova durante un período mínimo dun ano desde a data da resolución.

3.-Unha segunda anulación da licencia, por calquera causa, supoñerá a non concesión de renovación ou nova licencia de actividade, á persoa física ou xurídica titular desta.

4.-A anulación das licencias supón:

1. A suspensión da actividade.

2. A baixa automática de tódolos vehículos amparados nesta no rexistro e con isto a perda de tódolos dereitos derivados.

3. A prohibición do exercicio das actividades reguladas nesta ordenanza.

4. A inmovilización inmediata do vehículo pola policía local ata a súa inclusión nunha nova licencia ou o seu uso para outra actividade non regulada nesta ordenanza.

5. Solicitar nova licencia para exercer as actividades, con toda a documentación e taxas necesarias.

5.-Non se concederá nova licencia, renovación nin novas anotacións no rexistro de vehículos ás persoas físicas ou xurídicas:

1. Incursas en causa de anulación definitiva ou cando non transcorresen os prazos indicados no apartado 1 deste artigo.

2. Que manteñan débedas derivadas do expediente de tramitación ou sanción aberto no cumprimento dos preceptos da presente ordenanza ata a conclusión do expediente e/ou liquidación dos importes pendentes.

3. Que non levaran a cabo as medidas correctoras, físicas e/ou económicas, impostas con motivo da comisión de infraccións independentemente dos prazos indicados no apartado 1 deste artigo.

Artigo 42.-Suspensión de actividades.

1.-Toda actividade, actuación ou uso dos regulados na presente ordenanza, que se iniciase ou realizase sen estar en posesión da correspondente licencia, ou incumprindo manifestamente as condicións establecidas, será suspendida na súa execución ou acción, sen prexuízo de esixir as máximas responsabilidades ás que houber lugar, e procedéndose á

inmovilización inmediata dos vehículos e maquinaria pola policía local ata a conclusión do expediente, ou o depósito da fianza polas máximas cantidades que puidesen derivarse da súa instrucción, e sen prexuízo.

2.-Naqueles casos en que exista risco grave ou inminente de dano para os elementos ou especies protexidos, a Alcaldía poderá ordenar motivadamente, ó tempo que acorda a apertura do expediente, a suspensión inmediata da actividade ou calquera outra medida cautelar necesaria, sen prexuízo da iniciación do expediente de disciplina que, en todo caso, proceda de acordo con esta ordenanza, ou coa lexislación de pertinente aplicación

3.-A adopción de medidas cautelares levarase a cabo, logo da audiencia co interesado, nun prazo de cinco días, agás casos que esixan unha actuación inmediata.

Artigo 43.-Restauración e indemnización.

1.-Sen prexuízo da sanción que en cada caso proceda, o infractor deberá repara-lo dano causado, co fin de logra-la restauración das cousas ó seu estado anterior á comisión da infracción. Esta restauración será esixida polo órgano competente para impo-la sanción, nun prazo proporcional á entidade da restauración, e nunca maior de tres meses, agás xustificación real de necesitar un prazo superior.

2.-Se o infractor non procedese a repara-lo dano causado no prazo que se lle sinale, procederase á imposición de multas coercitivas sucesivas de ata 300 euros cada unha, ou, se é o caso, a realiza-la execución subsidiaria nos termos do artigo 98 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3.-En calquera caso o suxeito responsable deberá indemnizar polos danos e perdas ocasionados. A valoración destes faraa o Concello, logo de taxación contradictoria cando o citado responsable non lle dese a súa conformidade a aquela.

Artigo 44.-Responsabilidade penal e administrativa.

1.-No suposto de que a infracción puidese ser constitutiva de delicto ou falta, o Concello daralle traslado á xurisdicción competente, quedando en suspenso a actuación sancionadora en vía administrativa. Non obstante a vía penal non paralizará o expediente que se incoase para a restauración e, se é o caso, a indemnización dos danos e perdas a que fai referencia o artigo anterior.

2.-Se a resolución xudicial fose absoluta, o Concello proseguirá as actuacións para, se procedese impoñe-la sanción administrativa correspondente.

Disposición adicional única.

O establecido no presente regulamento enténdese sen prexuízo das actuacións que correspondan a outros organismos da Administración dentro das súas respectivas competencias.

Disposición transitoria única.

As plantacións arboreas e forestais existentes na entrada en vigor da presente ordenanza, que teñan unha idade superior a dous ano, deberán adecuarse ó disposto nesta ordenanza deberán adecuarse o disposto nesta ordenanza nun prazo de tres años contados a partires da súa entrada en vigor.

As plantacións de idade inferior a dous ano, das que o Concello teña constancia, deberán adaptarse ás condicións desta ordenanza desde a súa entrada en vigor.

Disposición derradeira.

O presente regulamento entrará en vigor ós 15 días da súa completa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Ortigueira, 21 de marzo de 2004.

O alcalde, Antonio Campo Fernández.